



EXP.: 891/2021

Acta da Comisión sobre a resolución de alegacións e adxudicación definitiva da solicitude, concesión e uso de instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes de Ourense na tempada 2021/22.

Lugar celebración : oficinas dos Remedios, Consello Municipal de Deportes (CMD)

Data : 21/09/2020

Hora comezo : 10h

Hora remate : 13,00h

Asistentes

Mario González Rodríguez, xerente do CMD.

Marta Míguez Telle, coordinadora de deportes do CMD.

Orde do día

Resolución de alegacións e adxudicación definitiva das instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes de Ourense na tempada 2021/22.

Deliberacións

Procedemos a comunicar as decisións sobre as alegacións achegadas polos clubs e entidades deportivas en relación á adxudicación provisional das instalacións deportivas municipais.

1. **CAMBIO HORARIO NO ANEXO ENTRE O BBALL E O CLUB OURENSE VOLEI PRAIA :**
Así, os martes e xoves o Club Ourense Volei Praia utiliza 1/3 do anexo de 16h a 17.30h e os xoves o Bball utiliza 1/3 do anexo de 18.30h a 20h.
2. **CAMBIO HORARIO NO ANEXO ENTRE O CLUB VOLEIBOL SAN MARTIÑO E O CLUB OURENSE VOLEI PRAIA:**
Así, o Club Voleibol San Martiño adestra martes e xoves de 18.30h a 20h en 1/3 do anexo e o Club Ourense Volei Praia adestra os mércores á mesma hora en 2/3 do anexo.
3. **XUVENTUDE OURENSE FS:**
Asígnaselle os martes, mércores e xoves no CIFP A Carballeira na franxa horaria de 16h a 17.30h.





4. SALVOUR

Non se modifica o mapa de augas da piscina Rosario Dueñas, pero no vaso pequeno da piscina de 50m asígnaselle a franxa de 17h a 18h de luns a venres, tendo en conta que os martes nesa hora tamén utiliza este vaso Neuroburgas.

5. ESCOLA XIMNASIA BURGAS

Concédesse o IES Ferro Couselo os martes e xoves de 18h a 19.30h, quedando o Club Burgas Volei coa franxa seguinte, de 19.30h a 21h.

6. CLUB XIMNASIA PAVILLÓN OURENSE

Concédeselle na sala multiusos os luns de 18.30h a 19.30h e os mércores de 19h a 20h.

7. CLUB ALPINO OURENSÁN

Compartirá espazo no rocódromo con Asesou os luns e xoves de 20h a 21.30h e os luns, martes e xoves de 21.30h a 23h.

8. ASESOU

No calendario definitivo ocupará a franxa dos mércores de 11h a 12.30h e compartirá o espazo co Club Alpino Ourensán os luns, martes e xoves de 21.30h a 23h.

Do mesmo xeito, tamén compartirá o espazo de 20h a 21.30h os luns e xoves.

9. CENTED ACADEMY

Mantén o horario asignado na resolución provisional.

10. AD OURENSE HC

Para a presente tempada concédeselle medio campo os xoves, de 18h a 20h, que non tiña na tempada pasada. Os venres, a distribución dos horarios queda como estaba previsto no calendario do CMD nas tempadas anteriores, sempre e cando o AD Ourense HC comparta espazo co Santiago Apóstol de 20h a 21h. De non ser o caso, o AD Ourense HC adestra os venres de 19h a 20h e recupera a franxa que tiña os martes na tempada 2020-2021.

11. CLUB BALONCESTO FEMENINO OURENSE

Mantén os horarios que tiña adxudicados no anexo e concédeselle no Polideportivo da Universidade media cancha os luns, de 18h a 20; mércores, de 16h a 17.30h; e os venres de 16h a 18h.





12. COUTO OURENSE FS

Asígnaselle o horario que solicita na cancha central os xoves, de 21.30h a 23h, tendo en conta que o espazo próximo ao rocódromo estará ocupado co Club Asesou e o Club Alpino Ourense.

13. PABELLÓN CF

Mantén os horarios asignados na resolución provisional.

Estes horarios son definitivos desde o 27 de setembro de 2021.

Non habendo máis temas que tratar, remata a reunión ás 13:00h.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

A coordinadora de deportes do CMD

O xerente do CMD

